

## ACTUALIZACIÓN DO MODELO DE CONTRATO-TIPO RELACIONADO COA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE I+D+i AO ABEIRO DO ARTIGO 83 DA LOU (E DOCUMENTOS DE USO INTERNO ASOCIADOS AO MESMO)

### 1. NORMATIVA APLICABLE

O artigo 3 do *Regulamento para a xestión de convenios na Universidade de Santiago de Compostela*, aprobado polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2002, establece a posibilidade de elaborar determinados modelos-tipo de contratos e/ou convenios para a súa aprobación polo Consello de Goberno previo informe dos servizos correspondentes, especialmente da Asesoría Xurídica da USC, co fin de facilitar a tramitación dos mesmos dentro da regulamentación establecida.

### 2. MOTIVOS DA RENOVACIÓN DO MODELO-TIPO DE CONTRATO PARA PROXECTOS DE I+D+i

A aprobación da *Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril* (LOM-LOU) que modifica a *Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades* (LOU) da unha maior importancia á función da transferencia do coñecemento e da tecnoloxía á sociedade e indica a necesidade de desenvolver unha xestión eficaz da mesma co obxectivo de contribuir ao avance do coñecemento, do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a competitividade das empresas e en xeral ao progreso económico e social no marco dun desenvolvemento sotile.

Igualmente, establece a importancia de fomentar a vinculación entre a investigación e o sistema produtivo como via para articular o proceso de transferencia do coñecemento, e a posibilidade de que dita vinculación poida desenvolverse a través da creación de empresas de base tecnolóxica a partires da actividade universitaria, e más concretamente a partir de patentes ou de resultados xerados de proxectos de investigación financiados total ou parcialmente con fondos públicos.

Os novos programas nacionais (como o CENIT) e outros internacionais permiten a realización de proxectos de I+D+I conxuntos nos que as universidades, especificamente, poden participar baixo contrato directo coa empresa (subcontratación) ou como socios das mesmas (proxectos en colaboración). Estas novas modalidades de colaboración levaron á elaboración de diferentes documentos e informes relacionados coa posible existencia de axudas de estado nas colaboracións entre empresas e centros públicos de investigación (*Marco Comunitario sobre ayudas estatales de Investigación y Desarrollo e Innovación, 2006/C 323/1*, publicado no DOUE do 30/12/2006) e mesmo comunicáronse sobre unha mellor xestión e transferencia do coñecemento entre os centros públicos de investigación e a industria.

Nesta liña a *RedOTRI da CRUE* promoveu a implantación de boas prácticas na xestión dos dereitos de propiedade intelectual e industrial a seguir polos Centros Públicos de Investigación nas súas relacións coas empresas, e susire unha serie de recomendacións a ter en conta nos procesos de negociación previos a relación contractual que se establece coas mesmas, e mesmo desenvolveu un modelo de contrato que recolle este tipo de recomendacións.

Polo tanto, a necesidade de aplicar unha xestión responsable e eficaz dos dereitos de propiedade intelectual e industrial que xurden na relación e fluxo de coñecemento

entre os centros xeradores do mesmo (como as universidades) e as empresas así como a obriga de cumplir cunha serie de compromisos asociados á confidencialidade da información transmitida e xerada na colaboración entre ambas partes levan á redefinición dalgúns aspectos sobre a materia que non quedaban recollidos no actual modelo-tipo de contrato.

Polos motivos expostos preséntase un novo *Modelo-tipo de contrato para a realización de proxecto de I+D+I entre [empresa] e a Universidade de Santiago de Compostela*.

Asociado co referido modelo, e co obxecto de asegurar o cumprimento por parte da USC dos compromisos adquiridos respecto á confidencialidade da información na relación contractual que se establece coa empresa por unha banda e de cesión da titularidade naqueles casos de propiedade intelectual (fundamentalmente para aqueles desenvolvimentos realizados na área TIC) inclúense uns modelos de acordos internos que faciliten a xestión.

Por último, preséntase un modelo de acordo interno que defina os dereitos e obrigas en materia de propiedade industrial e intelectual así como de confidencialidade daquel persoal que traballa ou colabora en actividades de investigación e que non ten ningunha vinculación funcional ou laboral coa USC, como poden ser bolseiros ou investigadores visitantes

### **3. DOCUMENTACIÓN PRESENTADA**

Preséntanse o seguinte modelo-tipo (na súa versión en castelán):

#### ***Modelo-tipo de contrato para la realización de proyecto de investigación y desarrollo entre [empresa] y la Universidad de Santiago de Compostela***

Asociado ás obrigas adquiridas pola USC neste tipo de contratos, preséntanse os seguintes acordos internos (na súa versión en castelán):

- ***Compromiso de confidencialidad del personal participante en el proyecto***
- ***Confidencialidad y Cesión de propiedad intelectual (por parte del personal participante en el proyecto)***

Estos dous documentos non son modelos-tipo que encaisen no *Regulamento de Convenios da USC*, se non compromisos e obrigas asociados ao desenvolvemento dun proxecto baixo o modelo-tipo de contrato presentado.

Finalmente, co fin de regulamentar a colaboración e/ou participación nun proxecto, calquera que sexa o financiador, daqueles investigadores sen vinculación laboral ou funcional coa USC, preséntase (na súa versión en castelán):

- ***Modelo de documento para firmar por todas las personas sin vinculación laboral o funcional con la universidad y vayan a participar en el proyecto (confidencialidad y cesión de derechos a la USC)***

Igualmente non se trata dun modelo-tipo que encaixe no *Regulamento de Convenios da USC*, se non dun compromiso para coa USC do persoal sen vinculación coa mesma

#### **4. BREVE EXPLICACIÓN DAS CARACTERÍSTICAS DE CADA DOCUMENTO**

##### ***Modelo-tipo de Contrato para la realización de proyecto de investigación y desarrollo entre [empresa] y la Universidad de Santiago de Compostela***

No mesmo quedan resaltadas (con distinta cor ou enmarcadas) as variacións con respecto ao anterior modelo-tipo (que foi aprobado polo Consello de Goberno do 19 de febreiro de 2003).

Inclúense:

- As obrigas económicas por parte da empresa unha vez aceptado/s o/s informe/s dos traballos realizados e presentados, de xeito que a USC poda requerir legalmente o pago dos traballos realizados.
- As obrigas en canto á confidencialidade da información intercambiada e xerada no proxecto por parte da USC e do Investigador Responsable, e polo tanto de todos os investigadores e persoal implicado no proxecto.
- A diferenciación clara en canto a propiedad industrial (relacionada coas patentes) e sobre a propiedad intelectual (fundamentalmente no que se refire a programas de ordenador, software,...) xa que a súa lexislación é diferente.
- As posibles opciones para un mellor tratamento e negociación en canto á titularidade e propiedade (industrial e/ou intelectual) dos resultados, a súa posterior explotación comercial e a utilización, de ser o caso, da información (coñecementos) previos que son propiedade da USC.
- Inclusión de determinados aspectos relacionados co cumprimento da lexislación en materia de protección de datos, riscos laborais, responsabilidade civil ou aspectos éticos que non estaban recollidos no anterior modelo.

##### ***Compromiso de confidencialidad del personal participante en el proyecto***

Para o cumprimento das obrigas de confidencialidade asumidas pola USC, e o *Investigador Responsable* do proxecto (que se indican na Cláusula Oitava e no Anexo 3 do Modelo-tipo de contrato), é requisito que todos os investigadores e persoal relacionado coa ejecución do proxecto sexan coñecedores dos termos recollidos no contrato en canto a Confidencialidade da Información, polo tanto neste modelo recóllese o compromiso dos mesmos para respectar ditas obrigas.

### *Confidencialidad y Cesión de propiedad intelectual (por parte del personal participante en el proyecto)*

Nos casos nos que o traballo de investigación dea lugar a resultados que caen no ámbito da Lei de Propiedade Intelectual (como os relacionados cos programas de ordenador, software específico, ....), e no caso de que o contrato asinado coa empresa reflicte unha cesión por parte da USC dos dereitos dos mesmos á mesma (ver Cláusula Novena, Parágrafo 9.4 - Opción 2), é necesario que os “autores” (investigadores implicados) cedan os dereitos de explotación da obra (produto) á USC para que ésta poda cumplir coas obrigas do contrato (sinalar que os dereitos morais como autor da obra/produto se respectan ao igual que ocorre co recoñecemento dos “inventores” para os casos de patentes/dereitos de propiedade industrial).

Ao mesmo tempo, o investigador asume o compromiso de confidencialidade respecto da información intercambiada e xerada na relación coa empresa (como no modelo anterior).

### *Modelo de documento para firmar por todas las personas sin vinculación laboral o funcionarial con la universidad y vayan a participar en el proyecto (confidencialidad y cesión de derechos a la USC)*

É moi usual a colaboración de persoal investigador procedente doutras institucións sen ningún tipo de vinculación laboral ou funcional coa USC que ten acceso a moita información sobre as investigacións que un grupo da USC poda estar realizando, ben sexa en colaboración ou baixo contrato con empresas ou mesmo aquela financiada con fondos públicos a través de convocatorias competitivas.

O mesmo está a ocorrer cos bolseiros para os que non existe relación laboral coa USC, e que moitas veces incluso están sendo financiados con cargo a actividades de I+D+I baixo contrato con empresas ou mesmo convenios con outras administracións públicas.

Nestas situacións existe un baleiro legal nas que o grupo investigador, e polo tanto a USC, pode ver afectadas determinadas liñas de investigación pola publicación ou apropiación da información e coñecementos aos que dito persoal ten acceso.

Co fin de evitar este problema pero ao mesmo tempo recoñecendo o labor realizado por dito persoal colaborador ou en formación no desenvolvemento dunha investigación determinada, o documento presentado regula os compromisos tanto da USC para co persoal sen vinculación como deste para coa USC.